

MOCIÓN

ACONDICIONAMENTO, ARRANXO E DOTACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE VIAL, Á ANTIGA ESTRADA COMARCAL C-550.

A antiga estrada comarcal C-550 (na actualidade fragmentada en múltiples nomenclaturas), segue a ser hoxe en día como vía de comunicación, un dos principais eixos vertebradores da comarca do Salnés. A súa importancia reflíctese no alto volume de tráfico que soporta.

Aínda non negando que algo se fixo nos últimos anos, elo resultou claramente insuficiente; de aí que afirmemos que a realidade amosa unha faciana un tanto máis que lamentábel a respecto da súa estrutura actual, e que maioritariamente se dá en todos os seus tramos: fendeduras, afundimentos, fochas, decapamentos...

Resulta máis que evidente, que unha parte moi importante da mesma discorre por vías urbanas que teñen núcleos poboacionais dunha certa importancia como é o caso do noso municipio - coa incidencia dunha perigosidade engadida -, ao existir perto dela centros de ensinanza.

Cumpriría, pois, garantir unha maior protección para os viandantes que na actualidade non se dá, así como adoptar tódalas medidas necesarias para acadar unha maior seguridade e fluidez para o tráfico rodado.

Polo exposto, o **Grupo Municipal do BNG** propón, que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte ACORDO:

1.- Demandar da Consellaría de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Transportes, un estudio rigoroso na súa totalidade sobre o estado actual da antiga C-550, así como con respecto das carencias existentes en materia de seguridade viaria.

2.- Elaborado este, acometer con carácter urxente a dotación na mesma dos aparellos e mecanismos axeitados para garantir unha maior seguridade aos peóns así como unha maior calidade e fluidez do tráfico viario.

3.- Sen prexuízo das medidas paliativas para o seu arranxo provisional -conservación- dos tramos ou parte destes con grave deterioro -que tamén demandamos hoxe con esta moción-, se contemple nos orzamentos da Xunta de Galiza (COTOPT) para o ano 2007, unha partida para amañar no seu conxunto esta importante cuestión, ou con carácter subsidiario partidas anuais para remozar os tramos, dotándoos ou deixando estes previstos para os servizos que se instalen no futuro: telefonía, electricidade, auga, etc...).

Vilagarcía, a 18 de abril de 2006.

Xosé Castro Ratón

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA